

Luz Pozo na Academia
Anxo Tarrío Varela

Antonte leu o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega Luz Pozo Garza. Este cronista non puido asistir, para mágoa del, á sesión da rúa Tabernas 11, na Coruña, pero seica a nosa escritora dialogou poeticamente con Rosalía Castro nunha intervención que, segundo fontes dignas de toda fiabilidade, resultou magnífica. Non era de esperar menos.

Por moito que no seu momento nomease a Emilia Pardo Bazán Presidenta de Honra, a historia das relacións da Academia Galega coa muller non é moi afagadora para a Institución, empezando polas escasas féminas que lograron traspasar o soarego da docta casa e seguindo por certas descortesías que, por exemplo, sufrira Francisca Herrera Garrido, serodia romántica escritora que, elixida numeraria en marzo de 1945, aos seus setenta e seis anos cheos de ilusión, non había chegar nunca a ler o discurso porque os señores académicos tardaron catro anos en preparar a recepción, tempo abondo como para que Francisca, aqueixada de males de saúde, estivese cun pé na estribeira e sen capacidade nin facultades para asistir a aquel acto tan anxeado e esperado por ela.

Agora Luz Pozo entra con todas as da lei, colmando todos os requisitos e culminando todos os repeitos, suave como é ela pero segura e rotunda porque gañou de seu un posto de honra no canon literario polo que nos reximos os galegos, porque o seu labor literario creativo e intelectual, en xeral, é xa incontestábel e porque, independentemente da súa condición de muller, a voz poética que rebe dos seus poemariose e a autoridade que desprenden os seus ensaios, sempre tocados por unha especial sensibilidade cara ao obxecto de estudio, son valores seguros e referencias xa inexcusábeis para calquera observador da literatura, en xeral, e da literatura galega, en particular.

A súa obra é extensa e variada, tanto en galego coma en castelán, e o seu labor de animación á cultura dende a fundación e dirección de revistas é algo que non necesita contraste, pois ninguén pode pasar polo ámbito literario galego sen tropezar coa meritória revista *Nordés*, que ela dirixe dende o principio, como dirixe, así mesmo, outra criatura semellante e renovada, *Clave Orión*, delicadísima publicación de poesía da que acaba de saír o número II e onde o lector poderá atopar, a carón de poemas que son froito recente dun interesante elenco de escritores de nós e dunhas mostras de poesía rusa, bretona e grega, o último poema publicado pola nova académica e titulado “Trinity College”, así como unha magnífica prosa de ensaio glosando o libro *Despertar das amantes*, de María Xosé Queizán.

O *Boletín Galego de Literatura*, que me honro en dirixir, contou con Luz Pozo Garza antes que con ninguén para iniciar a súa sección de “Creación” no número 2 (novembro 1989), e alí quedou constancia, unha vez máis, da altura poética da artista ribadense, así como da súa sensibilidade, aplicada naquel intre a evocar ao patriarca de Trasalba, de quen tamén se ofrece nesta *Clave Orión* a reprodución fotográfica do manuscrito dun precioso relato, “El tesoro del colegial”, co que se pecha o volume.

A nosa escritora ten escrito palabras reverberantes para asediar o inexpugnábel misterio poético: “A luz permite modificar a doutrina dos astros; abrir un códice pechado na noite; ser coñecemento sutil da condición suprema; transcender, tal o amor, das rúas sagradas do meu pobo; evocar a chuvia nunha praza baleira...”. Diríase que tamén os astros,

premonitoriamente, deitaron na pía bautismal da naipela un galano de claridade solar que algún día había entrar ceibe e delicada polas portas da Real Academia Galega para lle dar esplendor á nosa lingua e á nosa literatura. E aí está: Luz Pozo Garza.

O Correo Galego, 1-decembro-1996